

MÚSICA ORGANÍSTICA EN PONTEDEUME

Xosé Paz Fernández


NOS CAMIÑOS DA MÚSICA: O HYDRAULOS (ÓRGANO)

A orixe deste instrumento remóntase ao ano 200 antes de Xesús Cristo. Despois de estenderse o seu emprego por Roma pasou ás Galias e logo a Inglaterra. Apúntase a súa construción ao matemático Kteribios, fillo dun barbeiro alexandrino.

Coñecido este instrumento en principio como *hydraulos*, posuía unha caixa de vento, ademais de tubos e teclas, e funcionaba mediante un mecanismo de auga a presión que aseguraba o caudal de aire para dar voz ás notas, que facía que o *hydraulos* tivese bastante potencia no seu soar. Pasado o tempo trocáraselle o nome -como veremos máis adiante- adoptando a designación que se deu ás voces cando comezaron a xuntarse para facer harmonías.

No ano 825 construíuse o primeiro órgano para a catedral de Aquisgrán, e cara ao ano 980 existiu en Winchester un moi grande que contaba con catrocentos tubos metálicos e vinte e tantos foles de aire que facían soar ata vinte notas -e dise que se necesitaban 70 homes para accionar e bombealos. Este, e outros grandes órganos, non tiñan teclado propiamente senón que as notas eran tanxidas mediante uns listóns longos que ían sendo golpeados polos puños ofrecendo notas graves, xeralmente a nota fundamental (grave) que acompañaba o acorde do canto dos fieis relixiosos.





Entre as miniaturas do século XIII existe unha na que xa se representa o rei David, autor dos Salmos, actuando como organista de foles. Tamén do 1420 existe na catedral de Gante unha pintura representando a Santa Icíá tocando este instrumento. Así mesmo, da data do cortexo triunfal do emperador Maximiliano hai unha lámina moi curiosa que representa ao compositor-organista alemán Paul Hofhaim (1459 – 1537) tocando un órgano situado enriba dun carro que se supón amenizaba o citado cortexo.





Santa Icia.

O órgano portátil chamado “**ninfale**” foi usual dende o século XII até mediados do século XVII. O músico tocaba este instrumento pendurado do seu pescozo e coa man esquerda accionaba unha espiral que proporcionaba aire aos tubos en tanto que coa man dereita tocaba o teclado. Ao redor do 1500 os órganos xa tiñan unha forma parecida á actual con dous ou máis teclados. Por esta época creáronse grandes órganos nos templos, outros pequenos que se denominaron “**positivos**” (fixos) e outros portátiles que chegaron a desempeñar un gran papel na música de cámara.

Sobre o ano 800 comezáronse a mesturar as liñas melódicas no canto. Esta nova faceta, novidosa incursión das voces, recibiu o nome de **organum** que no senso máis amplo: era un canto tenor dobrado por dúas ou máis voces ou partes. O tenor recibía o nome de “**vox principalis**” á que se engadía a “**vox organalis**”, unha quinta por debaixo daquela.

No seu desenvolvemento achábanse diferentes formas: “**organum paralelo**”, “**organum libre**”, “**organum melismático**”, “**organum medido**” e logo a escola de Notre-Dame de París, coas súas variantes. De todas estas formas existen pezas musicais que o confirman, podendo encontrar as máis populares como organum libre en Winchester, ou a do **melismático** en Santiago de Compostela como a máis antiga do século IX.

En Inglaterra tamén foron novidosos avanzando a melodía por terceiras ou sextas en paralelo, soando como un acorde doce, que pasou a chamarse **gymel** (canto xemelgo) moi semellante ao falso baixo máis coñecido por fabordón.

A música orgánica española ocupou un alto nivel no século XVI. Contaba, ademais de variacións e tentos, de mesturas de pezas litúrxicas vocais e limiares para dar a entoación aos sochantres nas igrexas, de fabordóns, e outras composicións tanto profanas coma de danzas

Actualmente este instrumento, o órgano, ten unha grande variedade de botóns e controis que serven para matizar e producir un mellor son, e os seus tubos contan cun peche e apertura por acción eléctrica.

A VOZ E O INSTRUMENTO

Como arte, a música está introducida na maior parte da nosa vida. Cántasenos música no berce cando somos naipelos, cántasenos cando comezamos a falar para deprendernos. Tamén se

nos quere educar na música cando somos picariños, e logo máis adiante cando xa se considera que se ten máis desenvolvido o sentido auditivo.

O proceso da aprendizaxe pode dicirse que comeza co nacemento da persoa. Segue na escola, noutras ensinanzas. A música oímolá na expresión da relixión, na radio e na televisión. Por iso non é nada raro que a música dende sempre teña sido a compañeira das tristuras, das ledicias, dos acougos, nunha palabra: da expresión anímica. E aínda que no cantar, a gorxa sexa un dos principais instrumentos, tamén se pode contar con outros vehículos instrumentísticos que dan ou axudan a dar colorido a calquera interpretación.

E nunha desas facetas nas que a música destacou dende antigüidade foi a relixiosa. A evolución dos cantos nas igrexas foi moi importante e determinante, e con ela formou parella a interpretación instrumental ata chegar á organística nestes recintos. Por iso non debe de resultarnos alleo que nas igrexas de pobos, cidades ou vilas algo importantes se encontrase instituído o servizo de órgano e organista, chegando a constar ou depender en nómina mensual nestas institucións ou dos mesmos concellos.

ACTUALIDADE

Hoxe en día a recuperación organística para o patrimonio cultural español vén sendo moi importante, e anque se realiza dende hai anos, queda moito por facer. En moitas igrexas contan con reconstrucións efectivas grazas a movementos locais de persoas afeccionadas ou a colectivos parroquiais interesados nas mesmas, que despois de longos estudos, de posibilidades e valoracións do material “en activo” ou aproveitábel, recomendan, ou non, os arranxos oportunos ou substitucións.

Unha das materias pendentes para os melómanos eumeses é a recuperación e escoita do xa esquecido “órgano de tubos” que se acha situado na igrexa parroquial de Pontedeume. Lembramos



de escoitalo moi pouco, quizais que tres ou catro veces (nunha misa solemne e varias vodas) despois do troco do seu fol manual, accionado por persoas e asentado detrás dos tubos nun cuarto adxacente, pola instalación do motor eléctrico que faría vibrar as súas lingüetas por un tempo moi curto. Logo viría o seu afundimento e queima do motor, o seu silencio....e así ata hoxe.

Estamos nun tempo no que hai cartos para todo, ás veces menos para cousas de valor que arreequecen o patrimonio cultural. A verdade é que non estaría mal lograr unha restauración posíbel (xa que á vista parece estar moi deteriorado e avellentado) e non esperar a que se confunda de todo..... si é que xa non o está. Poderíase tamén constituír unha comisión de asesoramento cos especialistas por se fose obrigado facer un troco por un novo órgano, no caso de non valer o actual. Sabemos que en varios lugares de Galicia xa se chegaron a restaurar grazas ao traballo insistente dos amantes eruditos na materia, entre eles o musicólogo Rvdo. D. Xosé López Calo, veciño noso. A Xunta de Galicia debería ir anualmente recuperando máis patrimonio cultural do que o fai, pois cando estea perdido este, polo tempo, xa será imposíbel facelo.

A idea que coidamos que non é mala, eis queda. Namentres, deixamos estas liñas que van seguir e que son de recolleita dos arquivos e xornais doutro tempo, para que palpemos a importancia e vida que desenvolveu a música organística na nosa vila. E con isto tentaremos que nelas se recolla a maior parte deste xerado tema organístico en Pontedeume.

MÚSICA ORGANÍSTICA EN PONTEDEUME

A primeira cita que achamos é do 14 de xuño de 1620. Esta, como a maior parte das que damos a coñecer, encóntranse no Arquivo Municipal de Pontedeume (A.M.P.) e na Caixa nº 2. Libro II. Páxina 16.

“Decreto en que se ordena de 2 mill ms. que el mayordomo de los propios para el Padre fr. Tomas por tañer el organo.

..... acordaron que por quanto despues del yncendio general de la villa no a abido organos en layglesia mayor desta villa ni se anta ñido asta que al ca buaño poco más o menos que se trató prestado un organo del monasterio de sanjuan de Caveyro que esta en la Iglesia y desde el largo tiempo el Padre Fray Tomás de Cabrera del convento de frailes Augustinos desta villa por la orden de y rregimien-to a (ilexible) los dias festivos a tañerlos. Acordaron seis mil (ilexible) se le de libranza para que el mayordº de los propios de la villa por quenta de los que acien-da acordó con Frai Tomás.”

Tamén a seguir lemos no mesmo A.M.P. C-2. Libro II. Páxina 236.

“(21.2-1628) Arzobispo de Santiago consta por tres partidas queesta este poder de autorizamos use (ilexible) y azer adyuga y crederar cien denarios para azer un organo pª esta villa a pagar ciento y sesenta y cinco y duzientos dezinueve en las que (ilexible) E tal tengan y pongan cta. y agora se trata de comprar un organo alos canonigos de S. Juan de Caabeiro y el conzierto esta y esige(ilexible) de cierto organo quemado (...) Una al de bozes malgastadas con algunas diferencias con el rresiduo que aquedado de estar. Ciento 5 drs. y con lo que quedo del orga-

no biejo quando ardio la iglesia y lo mas que sea necesario gastar dz denarios y que se cobrasen los dgos. cien drs de los que se deven por el orgº, autorizo y que se entreguen al Sr. Alcalde ordinario.”

E duns meses máis tarde A.M.P. 11 de maio 1628. Libro II. Páx. 240 e dorso 241.

“ Esta villa se obligó a dar a Gaspar de Casas afinador de organos tres mil ds de libranza de trezientos (ilexible) para la primera paga. En los propios della asiento que esta villa a agorrado de lo que se acordó acetar parte seis mil cen del salario que se dan alorganista por cuio aneversario asta agotarse le degaron de pagar.”

E seguindo no A.M.P. nº 79. 10 de xuño 1628.

“ Fianza Gaspar de Illara afinador de órganos quedió acta de fabricarle un organo para la parroquia della segun consta parte tomo de Pedro Díaz de Valdivieso Vecino de la ciudad de Santiago en 10 de junio de 628.”

Un ano despois no A.M.P. Libro III páxina 17. 12.XI.1629. dise:

“...Y ansimismo se trató en este ayuntamiento que por quanto el maestro que hacía el órgano sea traído a esta villa que está acabándose de asentar en la Iglesia y del precio en que se concertó se le restan a pagar mil reales y para ellos ay algunas partidas de que dara memoria que cogo (ilexible) hermanos Montero Comisº desta obra. El demás dinero que faltase lo (Ilexible) El alcalde o de los propios de esta villa y donde lo hubiere por que no se ergan costos para el dicho organista a estes ayuaran y para cumplir que se de los dichos marav. Se pidan al licenciado(...)”

Do profesor Carlos de Castro recollemos do libro La Iglesia de Santiago de Pontedeume, Historia y Patrimonio Artístico o seguinte:

“ Si hacemos caso a los miembros de la Cofradía de los Dolores, la iglesia de Santiago cuenta con órgano desde el 1500. En la Junta de dicha Cofradía celebrada el 20 de octubre de 1794 se dice que “se está construyendo un organo en esta dha Iglesia para que con el se celebren con solemnidad debida las funciones que hay en dicha Iglesia y de esta manera se restablezca la magnificencia y culto Divino que se tributo al Santísimo en otros tiempos con semejante Alaja como consta en los papeles de dicha Iglesia desde el año de mil quinientos.” Sabemos que el incendio de 1607 afectó al órgano, repuesto con uno traído del monasterio de S. Juan de Caaveiro, que fue remplazado en 1628 por uno nuevo.

De las noticias que nos dan los cofrades también deducimos que el órgano actual, situado en la prolongación del coro del lado de la espístola, se construyó en la década de los noventa del siglo XVIII. Se trata de un órgano de notable sobriedad,

Texto AMP. (21-2-1628)

- 20 -

1 arzo de los m... ^{Consta}
 2 tres arbas o ne...
 3 de arbas o ne...
 4 (am) ...
 5 ...
 6 ...
 7 ...
 8 ...
 9 ...
 10 ...
 11 ...
 12 ...
 13 ...
 14 ...
 15 ...
 16 ...
 17 ...
 18 ...
 19 ...
 20 ...
 21 ...
 22 ...
 23 ...
 24 ...
 25 ...

sólo alterada por puntuales adornos de ristras vegetales, rocallas y las tres figuras de ángeles portando instrumentos musicales que lo coronan.

Sea quizá por los frecuentes gastos que causaba su reparación y afinado, o quizá por las modas, lo cierto es que en 1882 se compró un armonio, que debió de ser un importante competidor. La compra, que contó con la autorización del Arzobispado de Santiago, se hizo a Don Canuto Berea, a quien se pagó 2.400 reales en tres plazos.”

O problema das finanzas municipais sempre foi latente, e cando se ten que satisfacer algo para unha causa tan pouco rechamante como o pagamento a un músico, persoa normalmente calada e sinxela, e ás veces un tanto escura, as autoridades déixanse ir por non ser un tema tan prioritario coma outros. Así encontramos no A.M.P. C-7. 2 de setembro 1825 a protesta dun defensor do intérprete musical:

“Habiéndome representado D. Manuel Gómez de Soto, organista de la Iglesia parroquial de esa villa que disfrutando la asignación de cien ducados anuales, no se le ha satisfecho la correspondiente a un año apesar de hallarse cubiertas las demás atenciones, he tenido por conveniente pedir informe a la contaduría principal de Propios la cual con letra de ayer me dice lo siguiente:

“No cabe duda que por el reglamento de este pueblo aprobado por el C. y Supremo Consejo de Castilla, están señalados al organista cien ducados anuales y en el caso de que se acierte el descubierto a que se halla este interesado lo demás que expone, es de justicia que por cuenta de los caudales de Propios que resulten existentes en arcas o en poder de los arrendatarios se les satisfaga inmediatamente el sueldo que tenga devengado otro organista y de lo contrario informe la Junta de Propios a vuelta de correo el motivo que tenga para no efectuarlo.

Y hallando conforme su dictamen lo traslado a Vd. para su inteligencia y puntual cumplimiento en todas sus partes.

*Dios guarde a V. m. a.
Coruña, 2 de septiembre 1824.*

*Firmado: Agustín Fernández de Iglesias.
Remitido a la Junta de Propios de la Villa de Puente deume.”*

Na tempada que nos ocupa (1824-1825) o Concello segue a atravesar dificultades económicas, e carece de fondos propios e dos arbitrios, e non pode atender a paga das dotacións dalgúns empregados do mesmo, entre os que se encontran o organista, Behiton (¿) e o fontaneiro. Por este motivo acorda a suspensión destas prazas:



“(...) hasta tanto que haya arbitrios para la continuación de ellas, lo que se interese a los sugetos que las obtiene, para que dispongan de su persona como les combenga, desempeñando por meses los alguaciles dicha Behedoxia, con miramiento a que los costos propios que hay no llegan acubrir el sueldo del Secretario que es indispensable, gastos de correo, papel, Predicador de la cuaresma y otros que son precisos, así lo acordaron y firmaron de que doy fe” (2 firmas).

A.M.P. C-7. 30 Enero 1825.

Este escrito ten continuación no día seguinte:

“ En Puente deume a 1º de febrero de 1825. Yo el Escribano, teniendo delante de mi a D. Manuel Gómez de Soto, organista de la Sta. Iglesia de este pueblo, le hize saber el Aquerdo precedente para que lo tenga entendido, en su persona que dijo: Que sin perjuicio del justo reintegro delo que sele está deviendo, cumplirá lo que se le intima. Así pasó de que doy fé.”

Os libros de fábrica eran unha especie de arquivos. Libros de apuntamentos nos que ían figurando os ingresos e os gastos que se sucedían nas igrexas. Por iso pódense encontrar neles as táboas de estipendios que tiñan asignados todos aqueles que participaban nos actos litúrxicos. Polos libros de fábrica das parroquias podemos coñecer do que acontecía nelas e nas vilas, pois neles se acha unha boa parte da historia que se xeraba naqueles tempos. No seguinte escrito recollido tamén no A.M.P. menciónanse os dereitos de fábrica, e vemos que non son exclusividade da igrexa, xa que o concello vai ter un acordo para cambialos.

En abril de 1843 preténdese reformar o pago dos dereitos de fábrica, a cota pola celebración de actos relixiosos, por isto nesta data ten lugar unha sesión do concello na que se trata desa variación.

“ Sesión: alterar los citados derechos de Fábrica en la manera siguiente:

Por cada función mayor con expuesto se pagará a la Fábrica 16 reales.

Siendo con órgano 20 reales.

Por cada misa cantada suelta 6 reales.

Por los ciriales en cualquier función 2 reales.

Y finalmente además en dichas funciones se pagará por cada sacerdote que asista a ellas por razon de piso 16 reales.”

Das funcións solemnes que se celebraban tamén se acostumaba a especificar os gastos nos libros de fábrica, e así da correspondente a San Xoán Bautista, datada no 24 de xuño de 1853 achamos que ao “Sr. Cura con capote” se lle asinan 13 reais, ao “Sacristán” 8 reais, polo “incienso” un real, e para o “organista y entonador” a cantidade de 20 reais. A asignación é por parte de Ramón del Río.

Duns anos máis tarde, 1857, na festividade da Nosa Señora das Virtudes volvemos achar gastos xustificados, pero esta vez moito máis extensos. Así polas vésperas, misa cantada e reserva na festa patronal témolo seguinte:

<i>"Sr. Rector con la misa.....</i>	<i>24 reales.</i>
<i>Pando con capote.....</i>	<i>13 reales.</i>
<i>Roberes con capote.....</i>	<i>13 reales.</i>
<i>D. García.....</i>	<i>12 reales.</i>
<i>Blanco</i>	<i>12 reales.</i>
<i>Corices.....</i>	<i>12 reales.</i>
<i>Organista y entonador.....</i>	<i>20 reales.</i>
<i>Derechos de fábrica.....</i>	<i>16 reales.</i>
<i>Sacristan.....</i>	<i>10 reales.</i>
<i>Incienso.....</i>	<i>1 real.</i>
<i>Monacillos.....</i>	<i>6 reales.</i>
<i>Por 6 libras y cuarta de cera.....</i>	<i>76 y medio</i>
<i>Infundición de cuatro libras nueva.....</i>	<i>8 reales.</i>

Total 223, 17"

Volvendo ao interese pola recuperación patrimonial local, diremos que non é só de hoxe, tamén foi propia doutras épocas. Por iso, non é de estrañar atopar documentación referida ao intento de mellora dese patrimonio.

En concreto, no caso que nos atinxe fábase dun arranxo organístico na vila, despois dunha longa etapa de non poñerlle remedio. O prazo do anterior arranxo figura sesenta anos antes.

No A.M.P. 19 de xullo de 1876. C. 399, figura:

"Sesión extraordinaria.

El Sr. Presidente presentó una cuenta suscrita por el Maestro D. Manuel Yañez de los efectos y jornales invertidos en la recomposición del organo de la Iglesia de esta villa importante mil cuatrocientos seis reales (1406) setenta y cinco cts., y manifestó que visto el estado de inutilidad de dicho órgano el que tenía el honor de dirigirse a la Corporación de acuerdo con la Junta parroquial de la Iglesia de esta Villa habían resuelto su reparación encomendando esta operación al aficionado D. Marcial Ramos el cual con abnegación y celo permaneció en este pueblo cerca de tres meses ocupado exclusivamente en este servicio haciendo de nuevo uno de sus fuelles, componiendo el otro, desarmando, limpiando y arreglando toda la tubería, reponiendo y colocando tablones y otras innumerables piezas nuevas en reemplazo de las inservibles después de muchos años de servicio por no haber sufrido reparaciones de importancia desde el año de mil ochocientos dieciseis

(1816), y que dicho Sr. Ramos rehusaba remuneración alguna por tan improbo trabajo; y en su vista el Ayuntamiento teniendo en cuenta que las obras llevadas acabo son de utilidad a este pueblo, que según tiene entendido las obras pías de Mancebo y Noguerido de las cuales es patrono y administrador de sus rentas el Ayuntamiento han contribuido antiguamente para esta clase de servicios, acordó aprobar la cuenta presentada y que su importe se pague (ilexible por mal estado) lo consignado en el capítulo de imprevistos y reconociendo como no (ilexible mal-estado) menos de reconocer la Corporación el importante servicio que ha prestado al pueblo D. Marcial Ramos, que el Sr. Presidente en nombre de la misma le tribute las mas expresivas gracias haciéndole presente a la vez que este Ayuntamiento le queda sumamente agradecido al señalado favor que ha dispensado al vecindario.”

E ata aquí todo o que no pescudar polos arquivos e xornais de outrora recompilamos. Se achegamos algo de interese ou inqueданza nalgues con estas liñas, sexa benvido, pois é sinal de que non estamos sóos coas nosas ideas, lembrando o que tivemos, o que temos actualmente e o que poderíamos ter nun futuro.

E volvendo ao que dicíamos antes: algún día se cumprirá e aprobará o asunto pendente para cos melómanos e feis eumeses que asistan aos cultos relixiosos?. O tempo nolo dirá.

BIBLIOGRAFÍA

- Gran Enciclopedia de la música.* Editorial Tiempo.
 F. HERZFELD: *Los maravillosos caminos de la música.* Edit. Labor. Círculo de Lectores.
 Keith SPENCE: *Música Viva.* Círculo de Lectores
Historia de la música. Ediciones Edaf.
 J. DOMÉNECH PRAT: *Introducción al mundo de la música.* Edic. Daimon.
 Arquivo Municipal Pontedeume (A.M.P).